



**COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS**

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C
15003 – A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
e-mail:colegio@coitagalicia.org
www.coitagalicia.org

Como xa se vos informara, polo menos nas 3 últimas Asembleas xerais, o noso Colexio, xunto cos de Lugo e Ourense, e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, estabamos a traballar na sinatura dun Protocolo de colaboración.

Con data 14 de xuño, entrou en vigor o **Protocolo de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os 3 Colexios de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Galicia (A Coruña e Pontevedra, Lugo, e Ourense) (en adiante, PROTOCOLO)**, unha vez que as partes manifestamos o noso acordo, se ben aínda está en trámite de sinaturas.

Cando, finalmente, estea asinado por tódalas partes será publicado na nosa páxina web “www.coitagalicia.org”.

O *PROTOCOLO* ten como finalidade a “**prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza**”, especialmente no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

Para iso, do mesmo xeito que temos establecidas outras “quendas de actuacións profesionais” para vos, colexiados e colexiadas, (Xulgados e Tribunais, ATRIGA, Colexio, etc...) de cara ao próximo ano, convocaremos unha nova quenda, **para a prestación de asesoramento e ditame pericial nos procedementos penais nos que se requira por un xuíz ou tribunal a proba pericial de oficio ou a pedimento do Ministerio Fiscal** ou cando a proba fose acordada a **solicitudude dun beneficiario de asistencia xurídica gratuíta**, así como cando se acordase, en procedementos de calquera orde xurisdiccional, **por pedimento do Ministerio Público en beneficio de menores abandonados ou persoas incapaces ou desvalidas**.

Mentres non se realiza esa enquisa anual para a confección das distintas quendas, as designacións, no marco do *PROTOCOLO*, para este ano (2018), se farán, en primeiro lugar, “**tirando**” **das listaxes** que se confeccionaron **para cada xulgado ou tribunal** e, subsidiariamente, coa listaxe da quenda de actuacións profesionais do Colexio.

Os ditames serán emitidos por profesionais colexiados/as, por designación e baixo control deontolóxico do Colexio e nas condicións que de seguido se expoñen, **quedando excluído do presente PROTOCOLO de colaboración o encargo profesional de parte**, como perito privado, que se regulará polas condicións convidas entre as partes.

A incorporación á quenda de “peritos forenses” se efectuará unha vez ao ano, terá carácter voluntario, e producirase por petición do interesado, acreditando as condicións que de seguido se sinalan:



- a) A pertenza ao Colexio.
- b) Unha antigüidade no desempeño efectivo da profesión, de polo menos 3 anos.
- c) A acreditación, a xuízo do Colexio, dunha **formación específica**, ou a **participación en cursos de especialización** dirixidos á avaliación e á peritaxe que se solicita.
- d) **Non estar incursos en incompatibilidade** legal ou deontolóxica.

Os colexiados/as, en virtude do *PROTOCOLO*, teredes os seguintes dereitos:

- **Ser nomeados como peritos** de acordo co procedemento establecido.
- **Asistir aos cursos de formación continuada** que se establezan, e nas condicións que en cada caso se definan.
- **Ao cobro das compensacións económicas** correspondentes á súa peritaxe nas condicións convidadas.

O cobro de ditas cantidades non impide o cobro dos honorarios por vía ordinaria contra a parte condenada en custas. Neste caso deberá reintegrar á Xunta de Galicia os importes satisfeitos por esta en concepto de compensación económica.

Pola contra, a adscrición voluntaria voluntaria somete aos profesionais colexiados aos seguintes deberes:

- **Aceptar as cláusulas do presente PROTOCOLO.**
- **Aceptar os nomeamentos**, agás incompatibilidade ou causa xustificada.
- **Declarar a súa incompatibilidade** nos casos en que se produza.
- Manter unha **información puntual** do estado de elaboración do informe pericial.
- **Entregar para o arquivo polo Colexio un xustificante de ter presentado o informe pericial no órgano xudicial ou fiscal**, salvando os casos de segredo sumarial e do dereito á intimidade das persoas.
- **De comparecer.**
- **De prestar xuramento** ou promesa.
- **De examinar o obxecto** da peritaxe.
- **De emitir o informe** no tempo e forma requiridos, coa necesaria contradición procesual, de forma oral ou escrita.
- **Gardar segredo** sobre as actuacións coñecidas como consecuencia da peritaxe.
- **De reintegro** á Xunta de Galicia das compensacións económicas recibidas da Xunta de Galicia, cando así proceda segundo o exposto anteriormente.

O procedemento para as designacións, e o desenvolvemento da colaboración é o seguinte:



- 1- O **órgano xudicial** (fiscal) requirirá o perito á **Dirección Xeral de Xustiza**.
- 2- A **Dirección Xeral de Xustiza** solicitará ao **Colexio** a designación do perito.
- 3- O **Colexio** designa, disposto por el mesmo, **ao perito**.
- 4- O **perito** **acepta**. No caso de renuncia esta haberá de ser axeitadamente xustificada.
- 5- O perito **realiza o traballo e entrega o orixinal** do informe no órgano solicitante.

Para proceder ao pagamento dos traballos, o **Colexio efectuará unha liquidación mensual** das compensacións económicas e **a remitirá á DX de Xustiza** xunto coas facturas e as xustificacións de presentación dos respectivos informes nos órganos solicitantes das periciais.

A Vicepresidencia aboará ao Colexio, sen necesidade de que se ditase sentenza, os importes das liquidacións mensuais, e **o Colexio procederá ao pagamento das compensacións económicas** aos colexiados/as.

As **compensacións económicas** se calcularán con base aos seguintes criterios, e non se prevén as provisións de fondos :

- **33€/hora** (máximo 20 horas), para a elaboración e redacción do informe.
- **33€/hora** (máximo 2 horas), para a comparecencia no xulgado.
- **0,19€/Km**, para os desprazamentos.

A estes importes, evidentemente haberá que **incrementarlles o 21% de IVE**.

Con carácter excepcional, podería haber posibilidade, debidamente xustificada, e razoada, de percibir importes superiores en concepto de compensacións económicas.



Asdo.- Rafael J. Muíños Moreno (Presidente COITAAC).

